

## MANUAL DE BOAS PRÁCTICAS NA XESTIÓN FORESTAL SOSTIBLE

A consellería con competencias en materia de montes da XUNTA DE GALICIA dentro do marco da xestión forestal sostible, é consciente da importancia de diminuír e previr os impactos forestais que xorden debido ás actividades que se desenvolven nos montes incluídos no Sistema de Xestión Forestal Sostible (en diante, SXFS).

Esta responsabilidade debe ser asumida por todos os axentes involucrados na xestión forestal sostible, contribuíndo a un mellor respecto e conservación das unidades de xestión forestal (montes ou grupos de montes).

Con este propósito elabórase este "Manual de boas prácticas na xestión forestal sostible" que recolle as pautas de comportamento e facilita a planificación e xestión das unidades.

Todos debemos recordar:

**"Todos temos o dereito a disfrutar dun Medio Ambiente adecuado, pero tamén temos o deber de coidalo e defendelo".**

Redacción (Autor)	Revisión (Coordinador XFS)	Proposta de aprobación (Responsable XFS)
Asdo.: Lorena Carral Gómez	Asdo.: Odón López López	Asdo.: Jacobo Aboal Viñas
Data da sinatura dixital	Data da sinatura dixital	Data da sinatura dixital



## MANUAL DE BOAS PRÁCTICAS

Considéranse boas prácticas forestais habituais as prácticas normais de actuación que aplicaría unha persoa silvicultora responsable na zona na que exerza a súa actividade.

Servirán como marco de referencia para o desenvolvemento dunha xestión forestal sostible compatible co medio ambiente, en consonancia cunha racional e sostible utilización dos recursos forestais.

O presente Manual de boas prácticas, carente de forza xurídica, establece a modo de recomendacións xenéricas o conxunto de accións ou actuacións que deberá realizar o conxunto dos axentes involucrados na xestión forestal para, desta forma, satisfacer os criterios e indicadores de sostibilidade descritos nos principais estándares en materia de xestión forestal sostible (en diante, XFS).

En función do "obxectivo" (ou "*target*") distínguense tres axentes principais:

- **Persoa xestora forestal:** persoa física ou xurídica responsable das operacións de xestión do recurso e da empresa forestal, así como do sistema e estrutura de xestión, da planificación e dos traballos de campo; neste caso a Xunta de Galicia, ao través da Administración forestal.
- **Empresas de servizos forestais:** aquelas empresas cuxas actividades se centran na execución de proxectos, obras e servizos para a conservación, protección e mellora do medio natural tales como as repoboacións, reposición de marras, desbroces, podas, clareos, tratamentos fitosanitarios, fertilizacións...
- **Empresas de aproveitamentos forestais:** aquelas empresas que teñen por actividade básica a compra de madeira á persoa propietaria forestal, a súa corta, preparación e clasificación e distribución entre as distintas industrias responsables da transformación.

No primeiro caso, as **persoas xestoras forestais**, é a Xunta de Galicia, ao través da Administración forestal, quen, mediante declaración do responsable da devandita

Data: 24/09/2021 Rev. 3	SXFSXU-OU-009: Manual de boas prácticas na xestión forestal sostible	Páxina 2 de 18
----------------------------	--	----------------



Administración forestal, se compromete a seguir e respectar o conxunto de boas prácticas recollidas no punto 2.1.

As empresas de **servizos forestais**, sempre que actúen sobre superficie incluída no SXFS, deberán comprometerse ao cumprimento das prácticas recollidas no punto 2.2; para iso, en obras de xestión pública será obrigada a cumprimentación do impreso do sistema SXFSXU-IM-042 pola parte do contratista, debendo quedar así especificado no prego de condicións técnicas que dirixa a obra.

Naquelas obras realizadas ao amparo de ordes de subvención, incluírase tal compromiso como obrigatorio dentro dos artigos da propia orde de axudas publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG).

Os **rematantes e madeiristas**, como empresas de aproveitamento forestal, darán cumprimento ás boas prácticas recollidas no punto 2.3. A protocolización dos alleamentos de madeira nas superficies incluídas no Sistema réxense segundo o procedemento **SXFSXU-PR-006 "Control dos aproveitamentos madeireiros"**, onde aparecen os pregos de prescricións técnicas tipo (documentos SXFSXU-OU-003 ao SXFSXU-OU-008); neles artículase que o adxudicatario é coñecedor do Manual de boas prácticas do Sistema e que, coa sinatura do prego, acepta e se compromete ao seu seguimento.

Así mesmo, co fin de buscar un maior detalle e precisión na definición, importancia e seguimento na xestión de residuos, parámetro dos principais estándares en materia de XFS que se desenvolve en diversos puntos das boas prácticas, achégase, a modo de anexo, un documento explicativo que servirá de información e instrucións aos axentes involucrados no Sistema.

## 1 BOAS PRACTICAS SEGUNDO AXENTES

### 1.1 Boas prácticas: persoas xestoras forestais

O conxunto de boas prácticas na XFS que coñece e se compromete a seguir a **Administración forestal** é:

Data: 24/09/2021 Rev. 3	SXFSXU-OU-009: Manual de boas prácticas na xestión forestal sostible	Páxina 3 de 18
----------------------------	--	----------------



- 1.- A Administración forestal adoptará as medidas necesarias para asegurar a persistencia da masa arborada fomentando sempre que sexa posible a rexeneración natural pero facendo uso da plantación artificial cando o éxito da rexeneración non estea asegurado ou as características xenéticas da masa non sexan as máis adecuadas.
- 2.- A Administración forestal promoverá a formación de masas mixtas ou, cando menos, asegurará a aparición e mantemento de especies acompañantes á principal, especialmente frondosas autóctonas, que outorguen unha maior estabilidade ao ecosistema forestal.
- 3.- As especies arbóreas a utilizar deberán ser as máis adecuadas á estación forestal e o material reprodutivo terá cando menos identificada a súa procedencia, sendo aconsellable, sempre que sexa posible, material selecto.
- 4.- A Administración forestal deberá contar cun instrumento de ordenación ou de xestión forestal para as unidades de xestión (montes ou grupos de montes), que cumpra coa lexislación vixente e siga as instrucións xerais de ordenación de montes arborados.
- 5.- A Administración forestal velará porque todos os axentes involucrados na XFS cumpran coa lexislación vixente aplicable.
- 6.- A Administración forestal adoptará as medidas necesarias para minimizar os impactos na vexetación remanente tras a corta de rexeneración ou tratamento silvícola.
- 7.- A Administración forestal recorrerá á fertilización nas plantacións unicamente baixo xustificacións técnicas e, daquelas legalmente autorizadas, previa análise e diagnose do solo, co fin de detectar as deficiencias existentes e evitar desequilibrios nutritivos.
- 8.- A Administración forestal deberá vixiar o arborado de forma tal que, en breve espazo de tempo, poida ser detectada a aparición dunha posible praga ou enfermidade.
- 9.- A Administración forestal non empregará produtos fitosanitarios químicos nin doses que non estean legalmente autorizados; daqueles produtos autorizados deberase xustificar tecnicamente a súa aplicación, sendo aconsellable a utilización de técnicas de loita integrada sempre que sexa posible.



10.- A Administración forestal deberá velar polo éxito do rexenerado, tomando as medidas oportunas para o seu correcto desenvolvemento, especialmente no que se refire á protección fronte herbívoros salvaxes e domésticos.

11.- A Administración forestal deberá tomar as medidas oportunas para racionalizar a rede viaria forestal, minimizando o número de ramais cegos, evitando tramos de excesiva pendente e construíndo obras de drenaxe tecnicamente xustificadas.

12.- A Administración forestal deberá fomentar, na súa planificación, o mantemento e conservación da diversidade de especies e ecosistemas na unidade de xestión, tales como a creación de rodais maduros nos que se dean procesos de naturalización.

13.- A Administración forestal deberá fomentar, na súa planificación, o mantemento de árbores mortas, sempre que non supoñan riscos na estabilidade do ecosistema (pragas, enfermidades ou incendios).

14.- A Administración forestal deberá velar pola protección, mantemento e mellora das áreas de vexetación de ribeira, é dicir, aquelas situadas nas marxes dos leitos fluviais, evitando a utilización de produtos químicos e a acumulación de residuos que poidan deteriorar as canles dos leitos.

15.- A Administración forestal deberá velar polo mantemento, dentro da unidade de xestión, da limpeza de residuos causados polas actividades forestais, evitando a vertedura de residuos industriais (lubricantes, fuel) nas labores forestais, usando como norma xeral produtos biodegradables e acondicionando zonas de limpeza para maquinaria e equipos.

16.- A Administración forestal minimizará a realización de tratamentos silvícolas que produzan graves impactos paisaxísticos; para iso racionalizaranse as superficies de corta e deixaranse pequenos rodais maduros ou de árbores mortas que interrompan a uniformidade da corta.

17.- A Administración forestal coa súa xestión conseguirá a multifuncionalidade, fomentando a función recreativa e social do monte, especialmente nas áreas



periurbanas; de igual forma terá sempre presente a importancia da rendibilidade económica nos aproveitamentos dos recursos forestais.

### **Boas prácticas: empresas de servizos forestais**

1.- As empresas de servizos forestais nas reforestacións utilizarán material reprodutivo que terá cando menos identificada a súa procedencia, sendo aconsellable, sempre que sexa posible, material selecto.

2.- As empresas de servizos forestais involucradas na xestión forestal deberán, como é obrigado, cumprir coa lexislación vixente.

3.- As empresas de servizos forestais adoptarán as medidas necesarias para minimizar os impactos na vexetación remanente tras a corta de rexeneración ou tratamento silvícola.

4.- As empresas de servizos forestais realizarán a fertilización nas plantacións unicamente baixo xustificacións técnicas, previa análise e diagnose do solo, co fin de detectar as deficiencias existentes e evitar desequilibrios nutritivos.

5.- As empresas de servizos forestais non empregarán produtos fitosanitarios químicos nin doses que non estean legalmente autorizados. Daqueles produtos autorizados deberase xustificar tecnicamente a súa aplicación.

6.- As empresas de servizos forestais deberán prestar especial atención ao estado das vías e camiños forestais tras a execución das súas labores, debendo restablecer as condicións fisicomecánicas nas que se encontraban antes da realización da actividade.

7.- As empresas de servizos forestais deberán evitar prácticas que fomenten a aparición de pragas ou enfermidades, efectuando, cando sexa posible, a trituración dos restos.

8.- En calquera caso, as empresas de servizos forestais, durante a súa actividade na unidade de xestión, cando detecten a aparición dunha posible praga ou enfermidade deberán advertir coa máxima celeridade á Administración forestal.



9.- No caso de incendios forestais, as empresas de servizos forestais deberán seguir as indicacións da Administración forestal e, en xeral, vixiar, informar inmediatamente en canto se detecte fume ou calquera conato de incendio e, no seu caso, avisar aos servizos de prevención e extinción de incendios forestais (085) e, de ser necesario, segundo a lexislación vixente, seguir as indicacións do director de extinción.

10.- As empresas de servizos forestais deberán velar pola protección, mantemento e mellora das áreas de vexetación ripícola, é dicir, aquelas situadas nas marxes dos leitos fluviais, evitando a utilización de produtos químicos e a acumulación de residuos que poidan deteriorar as canles dos leitos; en todo caso cumprirase coa lexislación vixente na materia.

11.- As empresas de servizos forestais deberán cumprir coa lexislación vixente en materia de riscos laborais, posuíndo os operarios equipos de seguridade homologados e demais requirimentos durante a execución das prácticas forestais.

12.- As empresas de servizos forestais deberán coñecer e cumprir cos regulamentos e restricións normativas existentes en materia de conservación da natureza.

13.- As empresas de servizos forestais deberán velar polo mantemento, dentro da unidade de xestión, da limpeza de residuos causados polas actividades forestais. Evitarase a vertedura de residuos industriais (lubricantes, fuel) nas labores forestais, usando como norma xeral produtos biodegradables e acondicionando zonas para a limpeza de maquinaria e equipos.

14.- Así mesmo, as empresas de servizos forestais deberán manter as obras limpas, sen restos de lixo espaxado polo solo; estes residuos urbanos deberanse recoller e depositar no colector apropiado máis próximo.

15.- En caso de xerarse residuos perigosos, as empresas de servizos forestais deberán respectar as seguintes indicacións: os residuos perigosos non se poden mesturar con outros residuos, tampouco entre si, debéndose eliminar ao través dunha persoa xestora autorizada. En caso de derrame sobre terra, se extraerá a capa afectada, almacenándoa no seu correspondente colector/bolsa, e tratándoa como residuo perigoso.



16.- As empresas de servizos forestais, na medida do posible, deberán minimizar a emisión de contaminantes atmosféricos (gases de combustión da maquinaria e equipos, po) e acústicos, sendo aconsellable manter en perfecto estado a maquinaria e equipos, planificar adecuadamente os tempos de transporte, circular con moderación naqueles lugares onde se xere po, respectar os límites de velocidade e posuír, cando corresponda, o marcado CE ou a ITV.

17.- As empresas de servizos forestais recorrerán a persoal especializado no ámbito forestal para a planificación, execución e control das actuacións.

18.- As empresas de servizos forestais deberán, como é obrigado, cumprir coa lexislación vixente aplicable, identificando e comunicando a quen corresponda a aparición de testemuñas prehistóricas e históricas dentro da unidade de xestión forestal.

19.- As empresas de servizos forestais deberán informar á Administración forestal dos tratamentos que se realicen nas superficies forestais por terceiros subcontratados, velando por que se cumpran as presentes prácticas.

## **1.2 Boas prácticas: empresas de aproveitamento forestal**

1.- As empresas de aproveitamento forestal involucradas na xestión forestal, deberán, como é obrigado, cumprir coa lexislación vixente aplicable.

2.- As empresas de aproveitamento forestal adoptarán as medidas necesarias para minimizar os impactos na vexetación remanente tras a corta de rexeneración ou tratamento silvícola.

3.- As empresas de aproveitamento forestal deberán prestar especial atención ao estado das vías e camiños forestais tras a execución das súas labores, debendo restablecer as condicións fisicomecánicas nas que se encontraban antes da realización da actividade.

4.- As empresas de aproveitamento forestal deberán evitar prácticas que fomenten a aparición de pragas ou enfermidades, efectuando, cando sexa posible, a trituración dos restos.





5.- En calquera caso, as empresas de aproveitamento forestal, durante a súa actividade na unidade de xestión, cando detecten a aparición dunha posible praga ou enfermidade deberán advertir coa máxima celeridade á Administración forestal.

6.- En caso de incendios forestais, as empresas de aproveitamento forestal deberán seguir as indicacións da Administración forestal, e, en xeral, vixiar, informar inmediatamente en cuanto se detecte fume ou calquera conato de incendio e, no seu caso, avisar aos servizos de prevención e extinción de incendios forestais (085) e, de ser necesario, segundo a lexislación vixente, seguir as indicacións do director de extinción.

7.- As empresas de aproveitamento forestal deberán velar pola protección, mantemento e mellora das áreas de vexetación ripícola, é dicir, aquelas situadas nas marxes dos leitos fluviais, evitando a utilización de produtos químicos e a acumulación de residuos que poidan deteriorar as canles dos leitos; en todo caso cumprirse coa lexislación vixente na materia.

8.- As empresas de aproveitamento forestal deberán cumprir coa lexislación vixente en materia de riscos laborais, posuíndo os operarios equipos de seguridade homologados e demais requirimentos durante a execución das prácticas forestais.

9.- As empresas de aproveitamento forestal deberán coñecer e cumprir cos regulamentos e restricións normativas existentes en materia de conservación da natureza.

10.- As empresas de aproveitamento forestal deberán velar polo mantemento, dentro da unidade de xestión, da limpeza de residuos causados polas actividades forestais. Evitarase a vertedura de residuos industriais (lubricantes, fuel) nas labores forestais, usando como norma xeral produtos biodegradables e acondicionando zonas para a limpeza de maquinaria e equipos.

11.- Así mesmo, as empresas de aproveitamento forestal deberán manter as obras limpas, sen restos de lixo esparexidos polo solo. Estes residuos urbanos deberanse recoller e depositar no colector apropiado máis próximo.



12.- En caso de xerarse residuos perigosos, as empresas de aproveitamento forestal deberán respectar as seguintes indicacións: os residuos perigosos non se poden mesturar con outros residuos, tampouco entre si, debéndose eliminar ao través dunha persoa xestora autorizada. En caso de derrame sobre terra, extraerase a capa afectada, almacenándoa no seu correspondente colector/bolsa, e tratándoa como residuo perigoso.

13.- As empresas de aproveitamento forestal, na medida do posible, deberán minimizar a emisión de contaminantes atmosféricos (gases de combustión da maquinaria e equipos, po) e acústicos, sendo aconsellable manter en perfecto estado a maquinaria e equipos, planificar adecuadamente os tempos de transporte, circular con moderación naqueles lugares onde se xere po, respectar os límites de velocidade e posuír, cando corresponda, o marcado CE ou a ITV.

14.- As empresas de aproveitamento forestal deberán almacenar a madeira en monte a pé de pista ou en cargadeiros, evitando posibles danos ou alteracións nos recursos forestais, principalmente auga e solo.

15.- As empresas de aproveitamento forestal recorrerán a persoal especializado no ámbito forestal para a planificación, execución e control das actuacións.

16.- As empresas de aproveitamento forestal deberán, como é obrigado, cumprir coa lexislación vixente aplicable, identificando e comunicando a quen corresponda a aparición de testemuñas prehistóricas e históricas dentro da unidade de xestión forestal.

17.- As empresas de aproveitamento forestal deberán informar á Administración forestal dos tratamentos que se realicen nas superficies forestais por terceiros subcontratados, velando por que se cumpran as presentes prácticas.



## 2 ANEXO I. COMPROMISO DO RESPONSABLE DA ADMINISTRACIÓN FORESTAL

Como documento básico que desenvolve o compromiso de boas prácticas na xestión das masas forestais por parte da Administración forestal da Xunta de Galicia, emítese e apróbase o presente MANUAL DE BOAS PRÁCTICAS NA XESTIÓN FORESTAL SOSTIBLE.

Este Manual foi redactado tendo en conta os principais estándares en materia de xestión forestal sostible.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

O RESPONSABLE EN XESTIÓN FORESTAL SOSTIBLE

Jacobo Aboal Viñas



## 3 ANEXO II. XESTIÓN DE RESIDUOS

### 3.1 INTRODUCCIÓN

Un dos criterios/indicadores dos principais estándares en materia de XFS fai referencia á xestión dos residuos non forestais producidos nas actividades obxecto de planificación na unidade de xestión, é dicir, nos terreos das fincas forestais.

Para dar cumprimento a estes criterios/indicadores:

1. Os montes deben estar libres de residuos non forestais.
2. Os residuos non forestais que se xeren nos traballos e actividades realizados nos montes, deben xestionarse de forma ambientalmente apropiada.

### 3.2 DEFINICIÓNS

- **Residuo:**

A efectos de xestión das fincas, defínense como tales:

- Subprodutos ou produtos residuais do proceso de xestión con posibilidade de valorización externa ou interna.
- Envases de materiais auxiliares.
- Calquera produto, substancia ou obxecto, incluídos os envases dos mesmos, que é abandonado ou se ten a obrigaón de abandonar ou de desprenderse polo produtor do mesmo.

Segundo a normativa vixente en materia de residuos: calquera substancia ou obxecto pertencente a algunha das categorías que figuran na devandita normativa, do cal o seu posuidor se desprenda ou do que teña a intención ou obrigaón de desprenderse. En todo caso, terán esta consideración os que figuren no Catálogo Europeo de Residuos (CER), aprobado polas Institucións Comunitarias.



- **Residuo inerte:** aquel que por medio de evidencias obxectivas ou por análise dos seus compoñentes (caracterización), se pode demostrar que non é perigoso.
  
- **Residuo perigoso:** aqueles que figuren na lista de residuos perigosos, aprobada na normativa vixente en materia de residuos, así como os recipientes e envases que os contiveran. Tamén os que foran cualificados como perigosos pola normativa comunitaria e os que poida aprobar o Goberno de conformidade co establecido na normativa europea ou en convenios internacionais dos que España sexa parte.
  
- **Residuo urbano ou municipal:** os xerados nos domicilios particulares, comercios, oficinas e servizos, así como todos aqueles que non teñan a cualificación de perigosos e que pola súa natureza ou composición poidan asimilarse aos producidos nos anteriores lugares ou actividades.

Terán tamén a consideración de residuos urbanos os seguintes:

- Residuos procedentes da limpeza de vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias.
  
- Animais domésticos mortos, así como mobles, enseres e vehículos abandonados.
  
- Residuos e escombros procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria.

**Resto forestal (inerte e non perigoso):** elemento sólido formado por rabizas, pólas, follas, tocóns e restos de cortiza producidos na execución de certas actuacións asociadas aos procesos de repoboacións, tratamentos silvícolas ou aproveitamentos que eventualmente se poden producir nos montes.

### **3.3 IMPORTANCIA DUNHA BOA XESTIÓN DOS RESIDUOS NON FORESTAIS**

A ausencia de residuos non forestais nos montes e a súa adecuada xestión é vital para a conservación do medio natural, pois o almacenamento inapropiado ou o abandono de residuos nos montes pode ocasionar danos graves no ecosistema forestal.

A continuación expóñense algúns exemplos:

Data: 24/09/2021 Rev. 3	SXFSXU-OU-009: Manual de boas prácticas na xestión forestal sostible	Páxina 13 de 18
----------------------------	--	-----------------



- As verteduras de aceites contaminan o solo e o auga.
- O abandono de vidros, cabichas, etc. aumentan o risco de incendios e incluso poden chegar a provocalos.
- O abandono de determinados residuos pode obstaculizar ou bloquear o paso da auga por taxeadas, cunetas, etc.
- A acumulación de residuos supón, na maioría dos casos, un impacto visual negativo.

### **3.4 SEGUIMIENTO E XESTIÓN DE RESIDUOS NON FORESTAIS**

Todo o persoal implicado nos traballos e/ou actividades realizadas nos montes é responsable de realizar un adecuado seguimento da xeración e xestión dos residuos non forestais, seguindo as instrucións do “MANUAL DE BOAS PRÁCTICAS NA XESTIÓN FORESTAL SOSTIBLE” (SXF SXU-OU-009).



## INSTRUCCIÓN DE XESTIÓN DE RESIDUOS EN OBRAS FORESTAIS

### RESIDUOS XERADOS:

### XESTIÓN:

#### ❖ RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS

- Residuos Domésticos:

Restos de comida.




Papel, cartón, madeira, etc.

Envases diversos, NON contaminados por residuos perigosos

- Restos Forestais:

#### ❖ RESIDUOS PERIGOSOS:

- Aceites usados (hidráulicos e de motor).
- Graxas usadas.
- Trapos e material contaminado por hidrocarburos.
- Envases de fitosanitarios.
- Baterías usadas.
- Envases de produtos perigosos.
- Solos contaminados por derrames de produtos perigosos.



- Bolsa de plástico

- Trituración



**Non se poden mesturar residuos perigosos**

**Colectores específicos por residuos perigosos**

**Envases e peches en boas condicións**

Envases de residuos perigosos



Envases de residuos perigosos



Luva contaminada



Batería usada



Envases de substancias perigosas





## 4 ANEXO III. INFORMACIÓN ADICIONAL DE BOAS PRÁCTICAS EN ZONAS CRÍTICAS

Existen zonas na xeografía galega nas que se debe ter especial coidado de cara a minimizar os danos que se poidan producir desde o punto de vista dos operadores forestais ou calquera axente que desenvolva algún traballo nos montes certificados, dentro do ámbito do sistema de XFS.

Existen certos parámetros que condicionan a execución de certos traballos que se presentan a continuación.

### 4.1 Conservación de zonas ripícolas e actuacións en zonas de pendente excesiva próximas a leitos fluviais

No territorio galego é frecuente a situación de encontrarse especies forestais produtivas que teñen un interese económico importante, sen embargo, encóntranse en zonas de difícil acceso ou zonas nas que a execución do aproveitamento supón un risco para outros valores ambientais o faunísticos. É por iso, que deberán crearse zonas de exclusión de aproveitamento ou zonas sacrificadas desde o punto de vista produtivo, debido á proximidade e afección aos valores ambientais relevantes. Salvo casos debidamente xustificadas o aproveitamento ou plantación.

Favorecerase, no caso retirada de pés, o uso de métodos alternativos de saca como o uso de cabos ou canles e o apeo dirixido a zonas onde o impacto sexa el mínimo. Prohíbese o apeo sobre el propio leito.

Se chegara a producirse algún dano nestas zonas, deberá ser comunicado á Entidade Titular do Certificado e procederase á reparación ou restablecemento dos danos causados na medida de lo posible e determinados pola Entidade de Titular do Certificado.

### 4.2 Conservación de fauna y flora

Para minimizar o impacto sobre flora e fauna propóñense unha serie de accións de control sobre os traballos.





- Prevención da destrución e/ou fragmentación de hábitats.
- No momento de realizar as cortas, non se verán afectadas as árbores con niños de aves de presa, de pícidos (paxaros carpinteiros) e outras especies catalogadas.
- Exclusión de certos tipos de explotación de áreas especialmente críticas que afecten a flora e fauna protexida.

#### 4.3 Rodais de frondosas autóctonas, outras formacións e especies protexidas

Durante o desenvolvemento de traballos onde se localice vexetación autóctona, na medida do posible, os pequenos rodais ou pés soltos desta tipoloxía de vexetación, deberán reservarse e protexerse de calquera dano innecesario. Poderá ser necesario delimitar as zonas de actuacións para que a maquinaria non execute traballo nesas recunchos. De non ter identificadas estas masas relevantes, deberá actualizarse no catálogo da UXF.



Na realización de traballos sobre a vexetación arbustiva, restrinxirase a eliminación de pes arbóreos autóctonos de cara a favorecer a consolidación da masa. Evitarase exercer calquera actuación non prevista e en consonancia coa lexislación, nas zonas con vexetación que presenta algunha tipoloxía de protección.

Aplicaranse medidas para conservar as mostras representativas de ecosistemas singulares identificados.



#### **4.4 Zonas con alto risco de erosión e/ou perda de propiedades físicas e químicas do solo**

Adoptaranse as medidas pertinentes para evitar o incremento de riscos de erosión ou fenómenos de inestabilidade edáfica, a perda do solo e de calidade intrínseca, así como evitar os estragos das propiedades físicas e químicas dos solos, e especialmente a fertilidade. Se existen evidencias de perda de fertilidade ou calidade del solo, modificaranse os tratamentos para evitalo (previa aprobación).

Restrinxirase o desembosque e as accións daniñas cando se produzan situacións de encharcamento que favorezan os procesos erosivos.

Evita a apertura de vías próximas a leitos, en zonas con risco de escorregamentos e favorecer unha drenaxe superficial e lateral das pistas a fin de evitar a erosión profunda.

#### **4.5 Sitios de interese patrimonial, xeolóxico, arqueolóxico ou cultural**

As actuacións non deben producir alteracións sobre lugares singulares desde o punto de vista histórico ou cultural. En caso de aparecer, durante a execución dos traballos, elementos non identificados ou catalogados previamente.

Os encargados dos servizos, obras e aproveitamentos forestais deberán cumprir coa lexislación aplicable, identificando a existencia de testemuñas prehistóricas ou históricas, ou elementos de interese xeolóxico dentro da unidade xestión forestal.

Os monumentos, as zonas arqueolóxicas e as vías culturais declarados de interese cultural ou catalogados, contan con un contorno de protección. Así mesmo, cando sexa necesario segundo a súas características, establecerase un contorno de protección para as demais categorías de bens. En no caso dos bens inmobles, o contorno de protección pode estar constituído polos espazos e construcións próximas, co fin de evitar que a súa alteración incida na percepción e comprensión dos valores culturais dos bens no seu contexto ou poida afectar á súa integridade, apreciación ou estudo.